ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, publícase que o alcalde ditou a seguinte:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos conclusos postos á disposición da Alcaldía a través da plataforma de tramitación electrónica de expedientes municipais (TEDEC).

TENDO EN CONTA que, mediante resolución de Alcaldía nº 840/2023 do 20/06, acordouse constituír Xunta de Goberno local do Concello de Oroso, como órgano de carácter necesario, integrado pola Alcaldía, que a preside, e polos concelleiros Dª. Lidia López Gándaras (1era Tenente de Alcalde); D. José Carlos Mosquera Boo (2º Tenente de Alcalde); D. Óscar Rodríguez Piñeiro (3er Tenente de Alcalde); e D. Carlos Fernández Barreiro (4º Tenente de Alcalde).

TENDO EN CONTA mediante a referida Resolución de Alcaldía se establece que a Xunta de Goberno local, previa convocatoria realizada ao só efecto por esta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Xuntas” o primeiro e o terceiro martes de cada mes ás 9:30 horas en primeira convocatoria e unha hora despois en segunda; que no caso de que coincida nun día inhábil, a sesión realizarase o día inmediatamente anterior ou posterior; que a Alcaldía poderá adiantar ou retrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais, sempre que isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais da súa competencia.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 1004/2023 do 24/07 procedeuse a modificar a resolución de Alcaldía nº 840/2023 fixando a hora de celebración da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local para as 15:30 horas.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 190/2024 do 12/02 quedaron fixadas as Xuntas de Goberno Local ordinarias para o primeiro e terceiro luns de cada mes ás 15:30 horas.

Considerando que por razóns de operatividade e para garantir a existencia de quourum procede a modificación da hora de celebración da mesma para as 8:45 horas ao estar convocada unha sesión plenaria para ás 8:30 horas.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data **RESOLVO**:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión ordinaria da XUNTA DE GOBERNO LOCAL para:

Día: 02/11/2026
Hora: 08:45 horas a 1.ª convocatoria e, se procedese, ás 09:45 horas a 2ª.
Lugar: salón do pleno da Casa do Concello.
Orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas das sesións da Xunta de Goberno local

1.1 Acta da sesión ordinaria que tivo lugar o 19/10/2026. Acta 20/2026.

2.-Xestión económica.

CVD: WaZpboFSrbRFPuz+E6S1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/

2.1.-Aprobar se procede recoñecer recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas 86/2026 preparadas polo servizo de intervención polo importe total de 5.278,51 euros (EXP. 2026/G006/000115).

2.2.-Aprobar se procede autorizar, comprometer e recoñecer o no seu caso recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas 87/2026, preparadas polo servizo de intervención polo importe total de 1.951,18 euros (EXP. 2026/G006/000115).

2.3.-Aprobar se procede autorizar, comprometer e recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas 89/2026, preparadas polo servizo de intervención polo importe total de 8.088,72 euros (EXP. 2026/G006/000118).

2.4.-Aprobar se procede autorizar, comprometer e recoñecer as obrigas derivadas da relación de facturas 88/2026, preparadas polo servizo de intervención polo importe total de 6.134,70 euros (EXP. 2026/G006/000117).

3.Xestión urbanística

(sen asuntos).

II PARTE DE CONTROL

4 Rogos e preguntas.

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da xunta de goberno, REMITÍNDOLLES a minuta da acta que se eleva a súa aprobación e as propostas de resolución dos asuntos incluídos na orde do día, poñendo a súa disposición as propostas de acordo na sede electrónica do Concello no apartado "portal dos cargos electos" (https://sede.oroso.gal/opencms/es).

TERCEIRO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (https://sede.oroso.gal/opencms/gl/) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

CVD: WaZpboFSrbRFPuz+E6S1 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.oroso.gal/